

ACTA DE SINATURA DO ACORDO DE MELLORA DAS CONDICIÓN LABORAIS E RETRIBUTIVAS DOS/DAS PROFESIONAIS DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PAC)

Pola Administración

Natalia Lobato Mosquera. Secretaria Xeral
Técnica da Consellería de Sanidade.

Carmen Balboa Salgado. Vicexerente do
Servizo Galego de Saúde.

María del Mar Pousa Cobas. Directora Xeral
de Recursos Humanos.

Alfredo José Silva Tojo. Director Xeral de
Asistencia Sanitaria.

Begoña Caamaño del Castillo. Subdirectora
Xeral de Xestión de Profesionais.

Nieves Fiel Paz. Subdirectora Xeral de
Desenvolvemento Profesional e Sistemas de
Información.

Daniel Potel Villar. Subdirector xeral de
Selección de Persoal.

Yolanda Pérez Otero. Subdirectora xeral de
Relacións Laborais.

María Antelo Martelo. Xefa do Servizo de
Coordinación coas organizacións sindicais.

Polas organizacións sindicais (OOSS):

Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)

Manuel González Moreira (CIG)

Lucía Peón Soutiño (CIG)

Irene Tato Mosquera (CIG)

Xosé Francisco Xabier Alvedro Álvarez (CIG)

Carlos Castro Rivas (CSIF)

María Teresa Macías Alonso (CSIF)

Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)

Enrique Marra-López Moreno (CSIF)

Manuel González Vázquez (CSIF)

Ana Riveiro Currais (CCOO)

Carlos Díaz López (CCOO)

Eva Vidal Marcote (CCOO)

María Encina Chayán Oliveira (UGT)

Ángeles Cuiña Caneda (UGT)

Javier Martínez Fente (UGT)

Na sede do Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela, o 15 de abril de 2026 ten lugar unha reunión da Mesa Sectorial en cuxa orde do día figura o seguinte punto:


Proposta de Acordo de mellora das condicións laborais e retributivas dos/as profesionais dos Puntos de Atención Continuada (PACs).

Tras o correspondente proceso de negociación e debate levado a cabo en reunións previas da Mesa Sectorial, **as partes asinantes acordan:**

Ratificar o texto que recolle o **Acordo de mellora das condicións laborais e retributivas dos/as profesionais dos Puntos de Atención Continuada (PACs).**

Coa sinatura desta acta, a Administración procederá a iniciar as actuacións precisas para a súa implantación.

Pola Administración



Polas organizacións sindicais

CIG-Saúde



CCOO

CSIF



UGT

ACORDO DE MELLORA DAS CONDICIÓNS LABORAIS E RETRIBUTIVAS DOS/DAS PROFESIONAIS DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PAC)

1. Obxecto e ámbito

O presente acordo ten por obxecto a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal que presta servizos nos Puntos de Atención Continuada (PAC), así como a ordenación da actividade asistencial desenvolvida, en particular, durante os sábados.

Resulta de aplicación ao persoal facultativo, de enfermaría e ao persoal de xestión e servizos adscrito aos PAC.

2. Contexto e principios xerais

Pártese dunha realidade compartida:

- A situación actual da Atención Primaria está marcada por unha sobrecarga estrutural e déficit de profesionais.
- A implantación da xornada de 35 horas semanais supón un avance en dereitos laborais, pero introduce tensións organizativas adicionais.
- A actividade asistencial dos sábados pola mañá vense realizando, na práctica, como atención continuada, sen un encaixe plenamente axeitado no modelo vixente.

Neste contexto, o presente acordo oriéntase polos seguintes principios:

- Garantir a calidade asistencial e a continuidade do servizo
- Non incrementar a sobrecarga estrutural dos profesionais
- Dotar de seguridade xurídica e organizativa ao sistema
- Avanzar nun modelo progresivo, voluntario e revisable

3. Natureza da actividade dos sábados

A atención prestada os sábados considerarase, para todos os efectos, como actividade de atención continuada, en coherencia coa súa natureza real e co marco normativo vixente.

4. Desenvolvemento progresivo e planificación de recursos

A cobertura estrutural desta actividade abordarase mediante:

- A creación progresiva de prazas específicas en PAC:

Categoría	Prazas 2026	Prazas 2027	Prazas 2028	TOTAL
Médico/a P.A.C. con CE	36	32	32	100
Enfermeiro/a PAC	28	26	26	80
Persoal de xestión e servizos	13	11	7	31
Total	77	69	65	211

O desenvolvemento e a cobertura de prazas estará condicionado á dispoñibilidade real de profesionais e a avaliación anual da cobertura e da carga asistencial.

5. Principio de voluntariedade

A prestación da actividade rexerese polo principio de voluntariedade efectiva.

- Mentres non se complete o desenvolvemento do programa regrado de voluntariedade acordado na mesa sectorial do 27 de marzo de 2026, manterase con carácter transitorio o sistema vixente.

Establécese expresamente que a participación do persoal fundamentarase na adhesión voluntaria e o funcionamento do sistema será obxecto de seguimento e avaliación na mesa sectorial.

Handwritten signatures in blue ink on the left margin.

Handwritten signatures in blue and green ink at the bottom of the page.

6. Recoñecemento da flexibilidade organizativa

Recoñécese expresamente a necesidade de incorporar criterios de flexibilidade organizativa dos calendarios na prestación dos servizos nos PAC por parte dos profesionais.

Esta flexibilidade estará en todo caso condicionada ao cumprimento das necesidades asistenciais e vinculada á dispoñibilidade real de recursos humanos.

Polo tanto, a súa aplicación deberá realizarse garantindo a equidade na distribución da carga de traballo, o cumprimento da xornada e a adecuada cobertura asistencial en todo momento.

7. Medidas retributivas e incentiación

As medidas seguintes teñen como finalidade recoñecer a penosidade, mellorar progresivamente as condicións económicas e favorecer a participación voluntaria.

7.1. Persoal facultativo:

- Incremento progresivo do 15,36% na xornada complementaria (2 anos)

Mantense a proposta realizada na mesa sectorial do pasado 27 de marzo en relación coa incentiación ao persoal médico de PAC e o exercicio das opcións de prestación de xornada complementaria voluntaria nos PAC, para incrementar a retribución desa xornada tal e coma se reflicte no seguinte recadro:

Data incremento	Incremento	Contía resultante
1 de abril de 2026	2€	34,56
1 de xaneiro de 2027	3€	37,57

Así mesmo, respecto do persoal médico de PAC, mantense o compromiso de reducir os tramos existentes de xornada complementaria en tres anos do seguinte xeito:

(Handwritten notes and signatures)
A continuación
JGT
CCOO

Ano	Tramo existente	Novo tramo
2026	Xornada complementaria entre 160 e 190 horas	Xornada complementaria entre 140 e 190 horas
2027	Xornada complementaria entre 140 e 190 horas	Xornada complementaria entre 130 e 190 horas
2028	Xornada complementaria entre 130 e 190 horas	Xornada complementaria

7.2. Persoal de enfermaría:

- Incremento xa aplicado do 22,62% (desde 2026)

7.3. Ambos colectivos:

- Redución progresiva de tramos ata acadar o valor incentivado desde a primeira hora

7.4. Persoal de xestión e servizos:

- Aplicaráselle o réxime previsto no Acordo de concertación social e a retribución correspondente ao concepto de queda rotatoria complexa.

8. Programa especial para a cobertura dos sábados

Co fin de garantir a adecuada cobertura asistencial, establécese un programa especial dirixido a todo o persoal dos PAC (persoal facultativo, de enfermaría e persoal de xestión e servizos).

Este programa terá por obxecto retribuír o desempeño efectivo de actividade durante 24 horas en sábado con independencia das retribucións establecidas na orde de confección de nóminas. Terá efecto dende o 1 de xuño de 2026.

- Profesionais de medicina de pac 168 euros por realizar a xornada de 24 horas en sábado.
- Profesionais de enfermaría de pac 135 euros por realizar a xornada de 24 horas en sábado.
- Profesionais de xestión e servizos en pac 96 euros por realizar a xornada de 24 horas en sábado.

9. Medidas organizativas e de protección do persoal

Co fin de evitar impactos negativos sobre os profesionais, adoptaranse as seguintes medidas:

- Establecemento de criterios de distribución equilibrada, evitando sobrecargas individuais
- Análise de límites razoables de participación
- Revisión dos criterios de cómputo de xornada

Así mesmo, promoverase o seguimento específico da carga asistencial e a avaliación do impacto sobre os equipos e a revisión efectiva das presenzas nos PAC mediante a análise e actualización dos plans funcionais a 31 de marzo de cada ano co obxectivo de adaptar os recursos as necesidades asistenciais reais.

10. Avaliación e comisión de seguimento

O modelo será obxecto de avaliación anual.

Para levar a efecto o desenvolvemento deste Acordo, constituirase unha comisión de seguimento conformada por representantes da administración e un membro de cada organización sindical asinante, á que corresponderá analizar as cuestións que se susciten na interpretación e execución do presente acordo.

Handwritten signature

Handwritten signatures and initials: A, UGT, CCOW, and others.